

A primeira Corporación Municipal da II República en Betanzos

ANTONIO LAGARES PEREZ*

O 14 de Abril de 1931, despois das eleccións municipais nas que triunfa a Coalición Republicano-Socialista, prodúcese a proclamación da Segunda República e o nomeamento a nivel do Estado Español dun Goberno Provisional presidido por D. Niceto Alcalá Zamora. Resulta evidente que o troco de gobernos municipais abarca a case todos os concellos e naturalmente tamén ó de Betanzos.

Hai que suliñar que pese a que no libro de actas municipais¹ aparece a data de 6 de Xuño como a do inicio da primeira Corporación Municipal Republicana, existiu antes, entre o 15 de Abril e o 6 de Xuño, outra Corporación, a verdadeiramente primeira, que celebra un total de 3 sesións, ás que nos referiremos a continuación.

A primeira sesión (titulada "*Acta de traspaso de poderes municipales*") ten lugar o 15 de Abril de 1931, comenzando ás 11 horas da mañá. O Alcalde-Presidente é **D. Adolfo Sánchez Díaz**. Os concelleiros, nun total de dezaseis, toman posesión das súas funcións no nome do Goberno Provisional da República, ó que manifestan representar. Son éstos: **D. Bernardo Miño Abelenda, D. Victor Cancela Noguero, D. José Novo Rodríguez, D. Ramón Beade Méndez, D. Victor Montoto Arias, D. Raimundo Montes Rilo, D. José Picado Torres, D. José Rey Milia, D. Agustín Costoya Fraga, D. Emilio Ferreira Muniño, D. Ricardo Bonome Seoane, D. José A. Carabel Amor, D. José T. Veiga Roel, D. José Iglesias Pérez, D. Francisco Castro Bouza e D. Antonio Lagares Gómez.**

O Sr. Sánchez Díaz, Alcalde saínte, despois de dicir unhas verbas suliñando a súa emoción pola chegada do sistema republicano, engadiu que felicitaba ós integrantes do Comité Agrario-Socialista-Republicán e facía entrega dos poderes municipais e cargos ós señores referidos, e das insignias da Alcaldía ó concelleriro de maior idade,



Don Victor Cancela Noguero.

* Don Antonio Lagares Pérez é Tenente de Alcalde do Concello de Betanzos e Presidente da Comisión de Economía e Facenda da Deputación Provincial da Coruña.

¹ Consérvase no Arquivo Municipal de Betanzos, c. 2280. Completamos a documentación cos *Libros de Actas Capitulares do Concello de Betanzos* no AMB (Arquivo Municipal de Betanzos).

Adolfo Sanchez
Victor Montoto
Bernardo Miño
Raimundo Illo
Antonio Lagares
José
Emilia Ferreira

Francisco Castro
José Rey
José
Raimundo
José
José Ignacio
José Ignacio Casquel
R. Bonomi

Sinaturas dos membros da primeira Corporación Republicana de Betanzos.

D. Bernardo Miño Abelenda. Por último, pronunciou un "Viva la República" que foi contestado polos presentes e retirouse da Sala Capitular.

Acto seguido, o secretario fixo entrega da vara de mando como símbolo de autoridade ó Sr. Miño Abelenda, quen o recolleu co agrado e a solemnidade que o caso requería, instalándose os señores concelleiros nos seus cargos provisionalmente.

Levantouse a sesión primeira do novo equipo de Goberno Municipal e refrendouse a acta correspondiente coas sinaturas dos concelleiros presentes e do xa ex-Alcalde, Sr. Sánchez Díaz.

A segunda sesión ten lugar o mesmo 15 de Abril de 1931 ás once e media da mañá, cos mesmos asistentes que os da sesión anterior. Unha vez aberta, o Sr. Cancela Noguero pronunciou un discurso que, tal como o transcribiu o Secretario, di así:

"Ciudadanos yo en este instante no soy dueño de mi por lo emocionado que me encuentro. Estoy desde ayer en un estado tal por el advenimiento de la República que me produce gran emoción y por si esto no fuera bastante, al ser ahora nombrado el primer Alcalde Republicano en esta Ciudad en donde nací y espero morir aumenta extraordinariamente mi emoción.

Que no ha sido nombrado Alcalde en forma amañada, sino por el pueblo, aunque por breves momentos, y que va a regir los destinos del pueblo, lo que es para él de gran satisfacción.

Añadió que se formaría seguidamente una manifestación pública con la banda de música municipal en demostración de júbilo y que rogaba el mayor orden en bien de nuestra querida España, como el que se estaba observando hasta aquí; que era necesario respetar las personas y las propiedades, contribuyendo a la obra que se propone la República, porque es muy fácil destruir y difícil reconstruirlo y necesario mantener el más completo orden, convirtiéndose cada Republicano en un fiel guardador de la misma".

A continuación procediuse á elección e ós nomeamentos de Alcaldes e de Tenentes de Alcalde:

Alcalde: D. Victor Cancela Noguerol.

1º Tenente Alcalde: D. José Novo Rodríguez.

2º Tenente Alcalde: D. Ramón Beade Méndez.

3º Tenente Alcalde: D. Bernardo Miño Abelenda.



15 de marzo de 1993.- Entrega dunha placa conmemorativa por parte do Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, a Don José Iglesias Pérez con motivo do centenario do seu nacemento.

Por parte da alcaldía dase un primeiro bando, que transcrito literalmente di:

AL PUEBLO

Reunidos en el día de hoy a las 11 horas, en el salón de sesiones de la Casa Ayuntamiento de esta ciudad, los Candidatos proclamados para Concejales en las últimas elecciones municipales, y los miembros del comité Republicano, agrosocialistas, acordaron nombrar la Corporación que ha de regir los destinos del pueblo, y proclamar la República.

Toda vez que en el día solemne de ayer se ha hecho su proclamación con el más absoluto orden, como corresponde al ideario de los miembros que antes constituyeron el Gobierno provisional de la República y hoy le desempeñan de modo efectivo, nosotros partícipes del mismo ideario y siguiendo igual camino, exhortamos a todos los ciudadanosa a fin de que pongan de su parte los medios conducentes que contribuyan al mantenimiento del más escrupuloso orden en todas las manifestaciones de la vida local.

Estamos pasando por el momento más grandioso de nuestra historia y para cooperar a su grandiosidad, muy encarecidamente pedimos a cada uno de los ciudadanos que integran nuestro pueblo, den la nota máxima de cordura y de respeto al régimen constituido.

CIUDADANOS: Para hacer justicia, es preciso el más absoluto orden y la más escrupulosa disciplina, contribuyendo, de tal suerte, a la consolidación de la democracia y de la libertad individual y colectiva dentro de la Ley.

¡VIVA LA REPÚBLICA!

Vuestro Alcalde provisional

A terceira e última sesión da primeira Corporación republicana celébrase o 20 de Abril ás vinte horas e corenta minutos.

Non asisten á mesma nin alegaron ningunha excusa: **D. José Picado Torres, D. Agustín Costoya Fraga, D. Emilio Ferreira Muiño e D. Ricardo Bonome Seoane.**

Abre a sesión o Alcalde, **Sr. Cancela Noguerol** e da lectura a un telegrama da primeira autoridade Civil da Provincia que di:


"Le comunico mi decisión suspender Ayuntamiento constituido, proceda comunicar Comité Republicano nombre un representante por distrito electoral para integrar Comisión Gestora municipio hasta nuevas elecciones, deme cuenta recibo nombramiento Comisión Gestora, le hago responsable cumplimiento mi orden".

A continuación nomeouse unha Comisión Xestora en representación dos distritos electorais, recaendo tales nomeamentos en **D. Victor Cancela Noguerol, D. Ramón Beade Méndez e D. José Novo Rodríguez.**

Acto seguido, o Sr. Cancela intentou dimitir como Alcalde, mais, por unanimidade, os presentes ratificaran a confianza na súa persoa. Pediuse que por parte do Sr. Gobernador se procedese a sancionar o nomeamento do Alcalde-Presidente da Comisión Xestora e demais membros.

Por último, quedou suspendido o Concello actual. Logo viría unha nova consulta popular e constituiríase a nova Corporación Municipal o 6 de Xuño de 1931 cos cargos públicos electos polos distintos distritos.

Hai que suliñar a importancia desta primeira corporación republicana coma punto de partida para unha nova e fructífera etapa na historia de Betanzos. Na mesma, acadáronse unha chea de logros, tanto en infraestructuras, coma en equipamentos e servizos na nosa cidade: traída de augas, creación dun Instituto de Segundo Ensino, dotación de fontes e lavadeiros na zona rural, fomento do cooperativismo agrario... Esta etapa de avance viuse interrompida pola Guerra Civil e entraríamos, como di o poeta, na "longa noite de pedra", hoxe felizmente superada por tódolos cidadáns que convivimos neste Estado que se chama España. □



*ARTE, LITERATURA,
ANTROPOLOGÍA, ...*



Faraldo

Museo das Mariñas
Vista parcial da sección adicada ás antigas escolas.